

2. A ÉTICA COMO DISCIPLINA FILOSÓFICA

Na vida cotidiá continuamente facemos valoracións da conduta das persoas, nas que calificamos as acción de uns e de outros referíndonos a se nos parece que actúan ben ou mal. Tamén é frecuente que pensemos nos motivos e repercusións dos nosos actos. Ambas reflexións califican as distintas condutas cunha aprobación ou un rexeitamento.

Os filósofos de todos os tempos preocupáronse por investigar en que nos baseamos para poder levar a cabo os xuízos morais. A **ética** é a disciplina que se ocupa de examinar a partir de que criterios catalogamos as acción nun sentido ou outro. Pero non é unha cuestión meramente teórica, senón que ten unha finalidade práctica, xa que queremos saber o que é o ben para actuar correctamente.

2.1. CARÁCTER E CONCIENCIA MORAL

A acción o actuar ou o comportamento dos seres humanos, a diferenza da acción do resto dos animais que parece preprogramada ou determinada polo instinto, defínese por ser aberto e **libre**. Precisamente este **carácter libre e aberto da acción** é o que fai ao ser humano **responsable** dos seus actos. Un individuo que ante unha determinada situación reflexiona, toma unha decisión e actúa en concordancia con ela é o autor desa acción e, polo tanto, ten que responder dela; é dicir, debe estar disposto a recibir o recoñecemento ou a reprobación de si mesmo e dos demais.

Este carácter libre do actuar humano constitúe tamén a base do seu **carácter moral**. A liberdade, é dicir, a capacidade para decidir e elixir entre varias opcións posibilita que as accións concretas que algúen leva a cabo se axusten ou non ás costumes e normas da súa comunidade. Cando o suxeito decide actuar de acordo coas normas asumidas, actúa correctamente (é moral) en caso contrario actúa incorrectamente (é inmoral). Pero o que non pode facer é deixar de actuar no marco dese código normativo, é dicir, o que non pode facer é ser amoral. Por iso, dicimos que **o ser humano é esencialmente e inevitablemente un ser moral**.

O carácter moral do ser humano está arraigado na nosa historia como especie. Antes da aparición da linguaxe, a selección natural favoreceu o éxito dos individuos máis propensos á sociabilidade. Esta tendencia primitiva a buscar a cooperación cos outros para lograr un obxectivo común deu paso á **intuición moral**, unha especie de sexto sentido que permitía recoñecer aqueles comportamentos que contribuían ao mantemento da comunidade.

Así pois, os seres humanos, dotados de carácter moral pola nosa condición de ser capaces de actuar de forma libre e responsable, segundo vamos crescendo tomamos conciencia da nosa maneira de ser e pensar, e reflexionamos sobre as experiencias que vivimos. Deste xeito se desenvolve progresivamente no noso interior unha voz íntima e persoal que denominamos **conciencia moral**. Esta reflexión valora as nosas propias normas e accións, có que posibilita o **progreso e desenvolvemento moral**. Tamén acolle como propias todas ou algunhas das normas da sociedade, e sèvese delas para valorar cal é o comportamento correcto. Posto que ten conciencia moral, dise que o ser humano é un **suxeito moral**, e que a moralidade é un rasgo esencial e inevitable do mesmo.

No **desenvolvemento moral** dunha persoa **cabe distinguir dúas etapas** fundamentais:

A **autonomía** e a **heteronomía**: a autonomía significa etimoloxicamente “darse a un mesmo a lei”. Actuar conforme ao que un considera xusto e non porque llo manden outros. A heteronomía, significa “outro imponme a lei”. Na evolución moral, ao principio todos somos heterónomos e por iso non temos responsabilidade moral ata que non acadamos a autonomía.

Segundo **Kohlberg** o **desenvolvemento moral** da persoa realízase ao longo de **3 niveis: preconvenicional, convencional e postconvencional**. Os **dous primeiros niveis** caracterízanse por ter un **carácter heterónimo**, e o **último nivel** ten un **carácter autónomo**. **Cada nivel atópase dividido en dúas etapas**, de modo que hai un **total de 6 etapas**:

Nivel preconvenicional: o que existe antes de aceptar o orde social establecido:

Etapas 1 – Considérase como “o bo” obedecer as normas da autoridade (pais, mestres, policía) pero so por evitar o castigo. Para evitar problemas e non meterse en líos.

Etapas 2- O bo é tratar ben ao que trátame ben e devolver o dano, se é o caso. É a lei do Talión: ollo por ollo e dente por dente. Faise por interese egoísta, pero xa hai un sentido elemental de xustiza. Aínda non se teñen en conta os motivos da acción.

Nivel convencional: Acéptase a orde establecida:

Etapas 3 – O “bo” é comportarse como se espera de nós. É a “moral do bo rapaz/a”, porque a todos gústanos que nos traten ben. Pode xurdir un conflito con respecto ao que diferentes persoas esperen de nós.

Etapas 4- O “bo” é cumprir cos deberes que un vai asumindo libremente no seu traballo, familia, etc. segundo a súa posición dentro da sociedade. Isto é así porque se non cada un vai ao seu, e a sociedade non podería manterse.

Nivel postconvencional: Se hai un conflito entre a propia conciencia e a orde establecida, sempre séguese o que di a conciencia, dun modo autónomo.

Etapas 5 – Recoñécense algúns valores absolutos como a vida ou a liberdade que son incuestionables. A lei que atente contra eles será inxusta e o moral é incumprila. O mellor é seguir o **principio utilitarista: tratar de conseguir a maior felicidade para o maior número de persoas**.

Etapas 6 – O bo e o xusto é guiarse polos principios éticos universais e respetar os dereitos de tódalas persoas. Ninguén debe tratar a outra persoa so como un medio, senón como un ser válido en si mesmo. Tódolos seres humanos posúen a mesma dignidade e merecen respecto como persoas.

Debemos sinalar que as persoas que chegaron ao máximo nivel de desenvolvemento da moralidade como Gandhi, Nelson Mandela, o Martin Luther King nunca foron relativistas porque non defenderon que o ben moral dependa das opinións subxectivas de cada un, senón que, pola contra, todos defenderon que o ben moral consiste no respecto por tódalas persoas, loitando polos dereitos humanos por métodos pacíficos como a non-violencia. Convén

destacar que eses líderes proveñen de culturas e crenzas diversas, pero aínda así, todos coinciden na mesma idea sobre o ben e a xustiza.

2.2 AS NORMAS MORAIS

O ser humano, como suxeito moral que vive nunha contorna social, ten que desenvolver a súa actividade en espazos onde todo responde a determinadas normas ou pautas de comportamento que se expresan en carácter de **mandato**.

Existen distintos tipos de normas, pero en calquer caso e de **forma xeral, unha norma é unha regra que pretende regular a conduta humana e cuxo incumprimento trae como consecuencia unha sanción**.

Basicamente podemos dividir os tipos de normas en:

Normas jurídicas, que rixen a nosa conduta na sociedade establecendo que podemos facer e que non. Recóllense no códigos xurídicos, como o código civil, en forma de **leis** que teñen **carácter coercitivo** e cuxo incumplimento está sancionado con penas que se recollen tamén nun código (código penal). As normas xurídicas son de obrigado cumprimento e exixibles pola forza polo que dicimos que son coercitivas. Son elaboradas polo poder lexislativo (as veces tamén polo poder executivo) e aplicadas polo poder xudicial.

Normas relixiosas, son aquelas que rixen a conduta das persoas pertencentes a diferentes crenzas relixiosas e as súas institucións e se recollen nos diferentes libros sagrados (Corán, Biblia, Torá, Tipitaka, etc.) e nos establecidos polas respectivas Igrexas (como nos concilios no cristianismo). As normas relixiosas son incoercibles, é dicir, que non se poden facer cumprir pola forza. Isto non quere dicir que estén libres de sanción pero esa sanción non é punible (alo menos no cristianismo).

Normas convencionais ou sociais, estas normas que tamén rixen a nosa conduta son creadas polo entorno máis directo no que vivimos, polo grupo social ao que pertencemos e, ao igual que as relixiosas, tamén son incoercibles, pero a sanción aínda que non punitiva é unha sanción de condena social como por exemplo que nos aparten do grupo de amigos ou que nos critiquen.

Normas morais, a diferenza das anteriores normas que de xeito ou outro son elaboradas por outros (sexa o poder executivo, as igrejas ou o grupo social) as **normas morais pertencen a cada persoa**, son os valores personais cos que reximos o noso comportamento e **teñen que ver coa nosa conciencia moral**. As normas morais buscan **guiar as nosas actuacións en función do que está ben e o que está mal**.